

# Como poden axudar a traballar na casa, as familias con mozos e mozas de Altas Capacidades

Estes consellos están recollidos do libro “Niños superdotados”, de Amparo Acereda Extremiana, doctora en Psicoloxía e licenciada en Psicoloxía e Pedagogía. Profesora do Departamento de Psicoloxía da Universidad Abat Oliva CEU de Barcelona e experta no ámbito da intelixencia excepcional e superior.

**1. Recorde que seu fillx superdotadx é un adolescente.** Non importa o seu alto nivel intelectual, as necesidades fisiolóxicas de, por exemplo, unha moza con altas capacidades de quince anos cronolóxicos son as mesmas que as dunha moza que non ten altas capacidades, anque distintas investigacións demostraron que as súas necesidades sociais e emocionais aproxímanse máis á súa idade intelectual.

**2. Tente despertar a súa motivación a asumir riscos intelectuais, pero sen presións.** As persoas con altas capacidades coñecen os seus límites e anímanse a si mesmas cando se lles estimula, ou se lles reta. As presións do entorno familiar poden facer que se pechen en si mesmxs.

**3. Valore ao seu fillo ou filla polos seus logros e pola súa perseveranza.** A ansiedade que lles produce querer conseguir os seus obxectivos pode facer que necesiten o recoñecemento e que debamos tranquilizar frecuentemente. Axúdelle nos seus esforzos e observe como precisa tamén a súa axuda e guía.

**4. Escóitelle.** Préstelle atención. A súa curiosidade pode facerlle preguntar continuamente as súas dúbidas. E necesita que llas contesten. A súa intelixencia ten a necesidade de ser estimulada e

nutrida. Proporciónelle acceso a todo tipo de fontes educativas, tales como libros, revistas, enciclopedias, ordenadores, internet...

**5. Anime ao seu fillo ou filla na busca e seguimento das súas paixóns e intereses.** Déixelle aspirar ao que desexe ser e non ao que vostede quere que sexa.

**6. Lembre que tamén é unha persoa normal.** Déixelle vivir esta situación excepcional como lle guste. Non lle esixa que estea traballando, ou estudando cada minuto do día. A súa mente estímúlase tamén cando está lendo, falando por redes sociais, soñando despiertx ou vendo a televisión.

**7. Fomente as actividades culturais que se ofrecen na rede,** poden facer xuntxs visitas virtuais a museos, asistir a concertos en directo, e mesmo ser espectadores dun espectáculo, acompañalxs, si elxs queren, nestas actividades, facilita atopar centros de interese comúns, conversacións diferentes, e comunicación en terreos neutrais.

**8. Fomente a súa orixinalidade.** Axúdelle a facer o que responda aos seus intereses, louvando as súas producións e iniciativas.

**9. Lembre o fina e fráxil que é a liña que separa o “animar” e o “presionar”.** Isto é o que pode marcar a diferenza entre unha persoa segura e construtiva e outra insatisfeita e con baixo rendemento académico.

**10. Polo xeral as persoas con altas capacidades teñen unha aguda conciencia dos problemas sociais,** tales como a vida/a morte, o ben/o mal, a enfermidade, a guerra, a fame, etc... Debido á súa falta de experiencia e á súa curta idade, necesitarán buscar causalidades, explicacións e solucións, é importante que as familias

faciliten tempo e espazo para falar sobre a actualidade, as noticias e a información que nos chega ás casas.

**11. Respecte ao mozo ou moza e ao seu coñecemento.** Permita que cometa os seus propios erros, teña paciencia e asuma que os seus fallos no son intencionados. Déalle liberdade en temas pouco transcendentais ou materias insignificantes. Non imponha a súa autoridade excepto en problemas importantes.

**12. Axúdelle coas súas habilidades de estudo.** Debe axudarlle a planificar as súas tarefas pero tamén, os seus deberes, obrigas e proxectos na casa.

**13. Non compare.**

Cada persoa é única, independentemente das súas debilidades e fortalezas.

**14. Ensine e esixa respecto ao seu fillo ou filla,** do mesmo xeito que aos seus irmáns ou amizades. As altas capacidades non poden nunca ser una excusa para un comportamento inaceptable.

**Alicia Rodríguez Díaz-Concha**, presidenta e fundadora da Asociación Española para Superdotados e con Talento (**AEST**), inclúe estes tres consellos máis para as familias:

- **Non imponha obediencia sen razoamento previo.** As persoas necesitan que as «ordes» sexan previamente razoadas.
- **Teña en conta que as persoas con altas capacidades non precisan, polo xeral, moitas horas de soño.**
- **É posible que as súas afeccións non sexan as habituais da mocidade das súa idade.** Non se preocupe, para elxs son afeccións exactamente igual.

Rianxo, 30 de marzo de 2020